

ESCOITAR O MUNDO

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Venres 14 outubro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

A BELA MAGELONE

CICLO DE LIED

Graciela Valceva-Fierro, mezzosoprano

Maciej Pikulski, piano

Antonio Mourelos, actor

Sala Mozart 19:00 h

CONvers@ndo con... Luis Gago

* En colaboración coa Asociación
de amigos da Ópera de Santiago



PROGRAMA

JOHANNES BRAHMS (1833-1897)


A bela Magelone op.33

Textos: Ludwig Tieck (1773-1853)

Tradución dos textos: Luis Gago

Duración aproximada do concerto: 80 minutos.

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.



GRACIELA VALCEVA FIERRO

MEZZOSOPRANO

Graziela Valceva Fierro posúe unha brillante carreira tanto no campo da ópera como na música de cámara. A prensa musical descríbena como unha “cantante marabillosa dotada dunha voz notablemente equilibrada e versátil, que mostra un sensual rexistro grave, así como un brillante rexistro superior. A súa cativadora presenza artística acapara toda a escena facilmente”. (Kulture).

Licenciada con ambos mestrados polo Conservatorio de Lausanne e a Academia Nacional de Música de Sofía, realizou unha formación de posgrao na Academia de Boris Christoff en Roma co mestre Nicola Ghiuselev.

Graziela Valceva-Fierro foi gañadora dos concursos internacionais de canto: Novas Voces en Sofía, Giuseppe di Stefano en Trapani, Francisco Vinas en Barcelona, do Instituto Europeo de Arte e Cultura Italiana en Florencia, as fundacións suízas Lenaards, Nicati de Luze, Rees, Pro Arte e Max D. Jost e da Wagner-Festspiele-Stiftung en Bayreuth.

Sendo aínda estudante, con 23 anos fixo o seu debut no escenario máis grande de Bulgaria (4.000 espectadores), co papel de Orlovski de *O Morcego* de J. Strauss, baixo a dirección de Jost Meier, e inmediatamente forma parte do conxunto de solistas do Teatro Musical de Sofía. En 2004 participa na estrea mundial de *Tredeschin*, de Gion Antoni Derungs, no Teatro Coire. En 2006, incorporouse ao equipo da Ópera de Lausana e cantou na Ópera Comique de París, os teatros de ópera de Toulon e Vichy. Posteriormente, foi invitada a actuar en Xenebra, Berna, St. Gallen e por toda Europa, U.S.A., Canadá e recentemente, en Singapur, Hanoi e Kuala Lumpur, así como nos festivais de Lanaudière, Chorégies d’Orange, Musical Summits en Gstaad Tibor Varga, Einsiedeln, Sofia Musical Weeks, as Arenas de Béziers e Avenches. Ademais, cunha notable aparición no Festival de Teatro de Avignon co papel da viuva en *Zorba o grego* (produción de Jorat Theatre, e posta en escea de Jean Chollet).

Ten interpretado máis de trinta roles operísticos, como *L’incoronazione di*

CICLO DE LIED

2022-23

Poppea de Monteverdi, *Orpheo ed Euridice* de Gluck, *Italiana in Algeri* e *Tancredi* de Rossini, *Il Trovatore* e *Un Ballo in Maschera* de Verdi, *Adriana Lecouvreur* de Cilea, *Carmen* de Bizet, *Samson et Dalila* de S. Saëns, *A dama de Picas* de Tchaikovski, *The rape of Lucrecia* de Britten, *Oedipus Rex* de Stravinski, *La Medium* e *Amelia al Ballo* de Menotti, etc.

No eido do oratorio, ten cantado as obras máis importantes: *Petite Messe Solennelle* de Rossini e o *Requiem* de Verdi, e traballado con orquestras como a Suisse Romande (*Wesendonck Lieder* de Wagner) e a de Chambre de Lausanne (*Gurrelieder*, de Schönberg), entre outras.

Na súa carreira traballou con directores como Peter Maag, Armin Jordan, Nello Santi, Bruno Fernandís, Bruno Campanella, Evelino Pido, Kent Nagano, Arie van Beek, Michel Corboz, Fabio Luisi, Jonathan Darlington, Jirjí Belohlávek, Uroš Lajovic e Emil Tabakov.

Na música de cámara, a miúdo é invitada para interpretar composicións de cancións rusas, *lieder* e repertorio italiano. É

invitada frecuentemente en recital á temporada de concertos de Montbenon, no Festival Internacional de Música de Verano de Lausana e Varna.

Co selo Doron Musique, en 2013 grabou o CD *Viva Verdi-Composizioni di Camera*, de Rossini, Bellini, Donizetti e Verdi. En 2018, con Maciej Pikulski ao piano, grava un CD monográfico sobre Modest Moussorgski, con ciclos vocais completos do compositor. A súa discografía complementase coa ópera *El diluvio de Noé*, de Britten, *Oratorio de Nadal*, de Bach, *Requiem* de Salieri e *Le Laudi* de Suter.

Desde 2014, Graziela Valceva Fierro é profesora na Kalaidos Music Academy de Zúric e ten impartido clases maxistras en Suíza, Malta, Bulgaria, Singapur, Hanoi e recentemente no festival de ópera «Talent Summer» en Brescia.

2022

MACIEJ PIKULSKI

PIANO

Pianista solista, músico de cámara e acompañante de cantantes, Maciej Pikulski desenvolveu sua carreira en 300 aulas de concerto ao longo dos cinco continentes, e ten gravado 15 CDs e 2 DVDs.

Licenciado en piano, música de cámara e acompañamento vocal no Conservatorio Superior de Música de París, onde foi admitido no ciclo de posgrao. Posteriormente acadou o Premio da Fundación France Telecom.

Discípulo de Dominique Merlet e Clive Britton (ex alumno de Claudio Arrau) Maciej Pikulski, ten sido invitado a actuar como solista en Brasil, Uruguai, Rusia, India, Sri Lanka, Italia, Alemaña, España, Suíza, Polonia e Bélxica. Interpreta o grande repertorio de concertos para piano con orquestras francesas, belgas, inglesas, rumanas, italianas, polacas e brasileiras.

Maciej Pikulski realizou tres gravacións: o *Concerto núm. 2* de Sergei Rachmaninov, completado con obras de Liszt e Chopin; *Transcricións* de Franz Liszt de cancións de Schubert; e obras para

piano de Sergei Rachmaninov.

Foi elixido pola French Chopin Society para interpretar a parte de piano na reconstrución do último concerto de Chopin en París. Tamén foi invitado a participar no conxunto integral de sonatas de Mozart, na Quincena Musical de San Sebastián. Como intérprete de música de cámara, Maciej Pikulski gravou en dúas ocasións co violonchelista francés Raphael Chretien e ten interpretado concertos de música de cámara con prestixiosos músicos franceses.

É acompañante habitual de prestixiosos cantantes, actuando con Joseé van Dam -catro Cds e un DVD- en recitais no Carnegie Hall, Lincoln Center, La Scala de Milán, Teatro Real da Monnaie de Bruxelas, Concertgebouw de Amsterdam, Teatro Colón en Bos Aires, Théâtre des Champs Elysées en París, etc; Renée Fleming, nun DVD e recitais en Salle Pleyel de París, Musikverein Grosser Saal de Viena, Grand Theatre de Genève, Barbican Centre de Londres, Festspielhaus de



CICLO DE LIED

2022-23

Baden-Baden, Dublin Concert Hall, Rudolfinum de Praga, Auvers-Sur-Oise de Francia; Diana Damrau e Nikolas Testé, recitais en Chile e China; Thomas Hampson a quen acompañou en recitais en Australia e nun CD; Natalie Dessay e Laurent Naouri coas que realizou concertos en Versailles, Burdeos, Toulouse, Montpellier, Xenebra e Sao Paulo; Dame Felicity Lott, en recitais en Francia, Gran Bretaña, España e India; María Bayo con quen ofreceu recitais en España, Francia e Xapón; Luca Pisaroni, realizando concertos en Viena, Londres, Madrid, Hamburgo; ademais traballou, entre outros, con Sumi Jo, Anna-Caterina Antonacci, Joseph Calleja, Christianne Stotijn, Patricia Petibon, Véronique Gens, Mireille Delunsch...

Maciej Pikulski imparte clases maxistras en China, Brasil, India, Bélxica, Holanda, no Conservatorio Superior de Música de París, Montpellier e Estrasburgo. É profesor titular no Conservatorio Superior de Música de San Sebastián (España).

A prensa destaca a súa “sensibilidade poética” (*Globe and Mail*, Toronto), a súa “poderosa técnica” (*New York Times*), “músico magnífico” (*Le Figaro*) e “gran pianista” (*Corriere de la Serra*).

2022

ANTONIO MOURELOS

ACTOR


Licenciado en Imaxe e Son na Facultade de Ciencias da Información (Universidade Complutense de Madrid) no ano 1982, comezou a traballar na radio en Lugo. En 1985 marchou a Compostela para facerse cargo da FilMOTECA de Galicia, enmarcada dentro do Arquivo da Imaxe e dependente da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia. Cara a finais do mesmo ano meteuse de cheo no mundo da dobraxe, empezando a dobrar e dirixir dobraxe de película e series para, naquel momento, a recién inaugurada Televisión de Galicia. É a voz habitual de actores como Michael Caine, Jeremy Irons, Ed Harris, Dennis Hopper... Dirixiu entre outras a dobraxe para cine de El fugitivo, El Último Gran Héroe, I Like it like that ou O Pico das Viúvas. Para TVG dirixiu O Padriño I e II, O silencio dos cordeiros, Troia...

Antonio Mourelos é un rostro moi popular actuando en numerosas series tan recoñecidas como Rías

Baixas, Mareas Vivas, Terra de Miranda, As Leis de Celavella, Os Matalobos, Libro de Familia, Serramoura, Imperium e El Secreto de Puente Viejo, así como en curtametraxes e longametraxes do audiovisual galego e estatal, entre elas, O Lapis do Carpinteiro, O Alquimista Impaciente, O ano da Carracha, Para que non me olvides, La Mujer Invisible, Los Muertos van de deprisa, 18 Comidas ou El desconocido, por citar algunhas.

É profesor asociado na Facultade de Ciencias da Comunicación impartindo a materia Dirección e Interpretación Cinematográfica.

Foi presidente da Academia Galega do Audiovisual.



CICLO DE LIED

2022-23

«Lexitimidade para mudar o establecido»

«Sentou ao piano e empezou a revelarnos rexións maravillosas. Fomos empuurrados a círculos cada vez máis máxicos. Despois tocou de xeito tan xenial que transformou o piano nunha orquestra de voces queixosas e xubilosas»

Schumann sobre Brahms (“Neue Bahnen”, *Neue Zeitschrift fur Musik* (28/10/1853)

Brahms nace en Hamburgo en 1833 e críase nunha familia humilde. O seu pai era músico civil principalmente –tanto de orquestra como militar– polifacético e multinstrumentista; a súa nai, tendeira. De que emprendería a carreira de músico non cabía dúbida; o que sorprendeu foi a escolla do piano e tamén o interese que pronto espertaron nel as facetas de arranxista, transpositor e compositor.

O debut público como concertista aconteceu aos catorce anos de idade e aos vinte acompañou na súa primeira xira ao violinista húngaro Reményi; precisamente quen lle presente a Liszt. Inicia así, dende moi novo, unha intensa carreira de concertos e viaxes, de crecemento persoal e profesional e gran inquedanza intelectual, caracterizada pola interacción con senlleiros músicos de primeira orde. O compositor e director A. Dietrich diría del que era o visitante máis pracenteiro imaxinable: sempre amable, modesto e afable.

Entre estas importantes amizades que establece están os Schumann, cos que fragua sólidos lazos a partires da década de 1850. Para Robert, Brahms era o mesías da nova música. E aínda que a súa relación durase pouco –apenas un ano xa que despois cae enfermo, ingresa e sucédelle a morte– seguiu tendo un estreito vínculo con Clara, mesmo chegando a ser foco de atención para os historiadores esta forte relación de amor platónico. Compartirán moitos veráns e Brahms resultará ser un gran apoio para a viúva.

O ciclo que hoxe nos congrega comezou a urdirse en plena guerra dos románticos, que enfrontou por un lado a un grupo de músicos e críticos máis tradicionalistas con epicentro en Berlín e Leipzig representados por Brahms, Clara Schumann, ou Joachim; e os progresistas de Weimar con Liszt e Wagner á cabeza. A nivel persoal, cadra co fin da relación coa soprano Agathe von Siebold, e a primeira viaxe a Viena (1862), onde finalmente se establecerá en 1868 e descorrerán os anos de vida do compositor.


Pese a que se adoita asociar a Brahms coa composición de repertorio instrumental, os lieder serán unha constante ao longo da súa carreira. O que é considerado coma o primeiro compondono no ano 1851, *Heimkehr* (Regreso á casa) op. 7/6, aínda que non será ata finais da década de 1860 cando atopemos o primeiro ciclo con esta *Bela Maguelone* (op. 33). A segunda e derradeira compilación liederística unitaria farase acougar ata 1888 coas *Cancións xitanas* op. 103, “Zigeunerlieder”.

Brahms posuía un fondo coñecemento da obra liederística de Schubert e, por suposto, a de Schumann. De feito, crese que puido comezar a compoñer este ciclo na estancia do matrimonio. Aínda así, é significativa a visión que ten das cancións e o tratamento particular que lles imprime. Algo que chama a atención xa na terminoloxía que emprega, adoitando escribir os termos *Gesänge* (canto), *Gedichte* (poemas) ou *Romanzen* (canción longa), que combina coa palabra lieder. Xa cara ao final da súa carreira empregará o termo lieder dun modo máis rotundo e explícito. Dun xeito ou outro, para Brahms a música está por riba do texto,

focalizando e equilibrando a técnica musical e a expresividade.

A bela Maguelone

O relato –segundo un artigo recentemente publicado na revista científica Janus da Universidade da Coruña– funde as súas orixes nada máis e nada menos que no «Qamar al Zamân e Budûr» oriental pertencente ás *Mil e unha noites*. Un relato que xa atopamos no século XII e que se irá modificando e readaptando a través dunha viaxe que o leva a percorrer Italia e chegar a Francia, engadindo elementos medievais e dando lugar a *Pierre de Provence et la belle Maguelone*, vencellándoo así coa fundación da catedral de Maguelone. Precisamente se lle atribuirá a súa creación ao cóengo desta sé ubicada en Languedoc, Bernard de Tréves, aló polo 1180. Grazas ó auxe que experimenta a imprenta no século XV, realízanse varias edicións en castelán: ate catro sevillanas, unha toledana e tres burgalesas – que se coñezan– e que evidencian a importancia desta historia nos circuitos literarios séculos despois (Aranda García, 2021).



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

En 1797 o escritor alemán **Ludwig Tieck** (1773-1853), gran apaixonado dos relatos históricos, publicou a *Historia de amor da bela Maguelone e o conde Pedro de Provenza*, baseándose naquel relato medieval. Segundo este, un xograr que acode á corte dos pais do mozo anímao a viaxar na procura dun “desexo segredo” e descoñecido. Á súa chegada a Nápoles participa nun torneo do que resulta gañador, obtendo como recompensa ser convidado polo rei. Grazas a iso coñece á bela Maguelone, ficando ambos namorados ao instante. Tres aneis serán os que selen este amor tan intenso, agasallo da nai de Pierre. E como en tódalas historias, o peor estaba aínda por vir... A parella decide poñer terra de por medio e fuxir a cabalo pensando nun futuro prometedor, ate que sobrevén a desgraza: a tráxica separación dos namorados. Pierre trata de recuperar os aneis que lles roubara un paxaro mentres descansaban e, pola súa parte, Maguelone, que esperta soa, crese abandonada. Unha longa viaxe leva ao namorado a tratar de retornar e recuperar a súa amada, que chega a unha illa onde acouga por Pierre encomendándose a Deus. Xa sexa por gracia divina ou pola

fortuna (sempre presente nestas lendas), Pierre atopa a Maguelone, triunfando finalmente o amor ante a adversidade.

Se algo caracteriza a escolla de textos para a composición de cancións en Brahms é que non necesariamente tiñan que ser tomados de grandes literatos, aínda que neste caso acontece. De feito adoitaban ser de escritores máis achegados pero cuxos poemas espertaban emocións nas que recrear unha atmosfera de introspección. A partires da obra de Tieck compón 15 cancións dos 18 poemas do texto de referencia, asumindo tamén a alternancia de partes narradas con cancións longas que denomina *Romanzen*. Deste xeito xurde *Romanzen aus L. Tiecks Magelone*, opus 33, publicándose separados en cinco volumes de tres cancións cada un entre 1865 e 1869.

A cuestión da inclusión ou supresión dos fragmentos narrados resolveuno o propio compositor despois dunha interpretación do ciclo en 1886, cando evidenciou que era precisa unha nova edición que incluíra os parágrafos orixinais do libro. Isto en parte ven dado porque hai ata

catro personaxes na historia que interpretan as *Romanzen*, o que dificultaría o recoñecemento de cada un deles sen un fío argumental que sitúe ao oínte. Así, temos ao xograr, que interpreta o primeiro dos números; ao conde Pedro coa parte predominante afrontando once dos *lieder*; a bela Maguelone que canta dous números; e Sulima, a filla do sultán, executando o número trece do ciclo.

Brahms extrae destes *Romanzen* un sentimento; unha emoción sobre a que constrúe unha sólida estrutura. Ante os dilatados textos de Tieck aplica formas abertas e amplas sendo frecuente o traballo sobre variacións melódicas, algo que na década de 1870 irá abandonando. Por outra parte, o emprego de plenas estruturas harmónicas enriquecen a textura, densa e case orquestral, na que o baixo, con función temática, dialoga coa melodía da man dereita, tratada cun delicado carácter *cantabile*.

Resulta, esta obra, unha *rara avis* dentro do repertorio liederístico no senso de que aporta un tratamento totalmente orixinal dende a súa concepción e de grande riqueza na súa organización. Un ciclo non moi frecuente nas salas de concerto pero moi valorado e que revela ao espectador a esencia do quefacer deste gran mestre que foi Brahms.

Escoitemos, ao igual que o valente Pierre, as palabras do xograr e viaxemos a través desta proposta brahmsiana a tempos medievais con sonoridades plenamente románticas:

«Non deberíades seguir aquí mais tempo. Montade no voso corcel e viaxade a países estranxeiros, de xeito que poida revelársevos aquilo que vos resultou descoñecido aquí na vosa casa; de xeito que poidades aprender a unir o coñecido e o descoñecido».
[Tieck/Brahms]

B. Cancela

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xov. 20 out 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

XEMAS PRECIOSAS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora

Helena Sousa Estévez, acordeón

- Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 1 en Do maior, op. 21
- Richard Galliano: Concerto para acordeón e cordas *Opale*
- Astor Piazzolla: Anxiety, de Five Tangos Sensations
- Igor Stravinski: Suite Pulcinella

Sala Mozart

19:45 h

CONvers@ndo con...

Joana Carneiro

Xov. 27 outubro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

POEMAS E CANCIÓNS

CICLO DE LIED

Maximilian Schmitt, tenor

Gerold Huber, piano

- Robert Schumann: Der arme Peter op. 53. No. 3
- Robert Schumann: Dichterliebe op. 48
- Robert Schumann: Dein Angesicht op. 127 No. 2
- Clara Schumann: Ich stand in dunklen Träumen op. 13 No. 1
- Robert Schumann: Lehn Deine Wang op. 142 No. 2
- Clara Schumann: Sie liebten sich beide
- Robert Schumann: Was will die einsame Träne op. 25 No. 21
- Clara Schumann: Loreley
- Robert Schumann: Liederkreis op. 24



C

**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

